

Á CONSELLARÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

Servizo de Coordinación Administrativa

(NOME DA PERSOA FÍSICA ...), DI (...), actuando no seu propio nome e representación (ou en nome e representación de quen sexa e na condición que sexa, aportando neste caso o correspondente apoderamento), con enderezo a efectos de notificacións en (...), teléfono (...), e enderezo de correo electrónico (...), pola presente comparece ante esa Administración e, como mellor en Dereito proceda,

DÍ

1º. Que veño de recibir requirimento de emenda da solicitude de recoñecemento da condición de persoa interesada no procedemento de autorización do proxecto dunha planta de produción de fibras téxtiles a base de celulosa en Palas de Rei (Lugo), promovida por Greenfiber, S.L., que se nestes intres estase a tramitar por parte da Administración á que me dirixo.

2º. Que quen subscribe ([escoller/adaptar calquera destas alternativas](#)):

-Reside dentro da perimetral de delimitación definida no proxecto arriba referido, nunha vivenda da súa titularidade. Acompáñase ao presente (certificado de empadramento, recibo do IBI).

-Reside dentro da perimetral de delimitación do proxecto arriba referido nunha vivenda en réxime de arrendamento. Acompáñase ao presente ([copia do contrato de arrendamento, recibos de suministros...](#)).

-É titular de pleno dominio da/das seguinte/s fincas que se ubican dentro da delimitación perimetral do proxecto de referencia ([citar as referencias catastrais, e aportar se pode ser calquera documento que acredite a titularidade das fincas](#)).

-Desenvolve, dentro da delimitación perimetral do proxecto de referencia, a actividade económica x ([aportar as probas de que se dispoña, recibos, declaración tributarias ...](#)).

3º. Que segundo dispón o artigo 4 da Lei Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, considéranse interesados no procedemento administrativo os que, sen inicialo, teñan dereitos que poidan resultar afectados pola decisión que no mesmo adóptese, así como aqueles cuxos intereses lexítimos, individuais ou colectivos, poidan resultar afectados pola resolución e comparezan no procedemento en tanto non recaese resolución definitiva.

O artigo 53 da mentada norma, pola súa banda, engade que os interesados nun procedemento administrativo ostentan, entre outros, os dereitos a coñecer, en calquera momento, o estado da tramitación dos procedementos nos que teñan a condición de interesados, e a acceder e obter copia dos documentos contidos nos citados procedementos. Asimesmo, son titulares aqueles interesados do dereito a formular alegacións, utilizar os medios de defensa admitidos polo Ordenamento Xurídico, e a achegar documentos en calquera fase do procedemento anterior ao trámite de audiencia, e a obter información e orientación acerca dos requisitos xurídicos ou técnicos que as disposicións vixentes impoñan aos proxectos, actuacións ou solicitudes que se propoñan realizar.

En base ao anteriormente exposto,

SOLICITO que por parte desa administración se me recoñeza a condición de persoa interesada e se me teña por persoada no procedemento administrativo arriba indicado, por ser titular de dereitos subxectivos e intereses lexítimos que se poden ver afectados pola resolución que se adopte no mentado procedemento. Todo o cal, a fin de poder exercer os dereitos que me confire o artigo 53 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

(lugar, data e sinatura)